



Anxo Rodas Arca

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

NUN MOMENTO DE PROTESTAS DOS AGRICULTORES, AS CONCESIÓN CONCÉNTRANSE NO ÁMBITO AGRÍCOLA E AGROALIMENTARIO: A LEI DE PESTICIDAS QUÍMICOS OU A LEI DE SISTEMAS ALIMENTARIOS SOSTIBLES SON SÓ ALGUNHAS DAS VÍTIMAS

A DEMOCRACIA EUROPEA NA ENCRUCILLADA

A democracia na Unión Europea leva anos enfrontándose a serias ameazas para a súa integridade en distintas fronte: dende o menoscabo dos principios vitais do estado de dereito en certos Estados membros ata a propagación de desinformación, os ataques contra o pluralismo e a liberdade dos medios de comunicación ou mesmo os **intentos de inxerencias estranxeiras no debate público europeo** por parte de actores interesados na desestabilización interna da Unión.

Por esa mesma razón, o executivo comunitario liderado por Úrsula von der Leyen decidiu converter a protección da democracia europea nunha das **seis grandes prioridades políticas** do seu mandato, que comezou en 2019 e rematará tras a celebración das próximas eleccións europeas de xuño.

Baixo o lema “Un novo impulso para a democracia europea”, a Comisión leva desenvolvendo durante cinco anos un conxunto de iniciativas en distintos ámbitos. Entre eles, cómpre destacar os novos instrumentos para a defensa do estado de dereito, a participación cidadá na toma de decisións, a Lei de Servizos Dixitais, a Lei Europea de Liberdade dos Medios de Comunicación, as medidas de protección da integridade e transparencia das eleccións ou o recente Paquete de Defensa da Democracia. Todos eles buscan blindar os valores democráticos nos que a UE se fundamenta.

Porén, alén dos desafíos exteriores, **quizais a ameaza principal ao sistema democrático europeo sexa máis tanxible, directa e estea máis á volta da esquina** do que pensamos, convivindo con nós e impugnando dende dentro os nosos valores comúns. En toda Europa occidental, **os partidos extremistas**

están a avanzar: acadan maior atención mediática, moldean as políticas da dereita dominante á imaxe das súas aspiracións populistas e chauvinistas, e ocupan postos ministeriais selectos nos gobernos nacionais. Este auxe está causando grande preocupación ultimamente en Bruxelas, e máis tras a vehemente irrupción nas enquisas de voto previas ás próximas eleccións europeas, ameazando con reconfigurar (e quizais dominar) os equilibrios políticos que determinarán a próxima lexislatura europea.

A propia Comisión, na recta final deste mandato, está a modificar a súa axenda política para frear o pulo ultraconservador, **postergando ou soterrando expedientes lexislativos de grande calado pero controvertidos** que poderían mobilizar a parte do electorado en favor destas novas forzas.

Especialmente, nun momento de **protestas dos agricultores**, as concesións concéntranse no ámbito agrícola e agroalimentario: a lei de pesticidas químicos, o paquete sobre benestar dos animais de granxa ou a lei de sistemas alimentarios sostibles son só algunhas das vítimas. Pero, máis alá do éxito ou non desta estratexia de contención, **parece claro que esta nova onda de euroescepticismo veu para quedarse.** Independentemente dos resultados das eleccións, demostrou que seguirá exercendo unha influencia suficiente como para condicionar a ambición e incluso o senso de importantes políticas europeas ao longo do tempo.

Esta constatación debería ser un argumento máis para reconsiderar o ritmo e a dirección do proxecto europeo e avaliar os esforzos por afianzar as nosas democracias, nun momento no que elas mesmas xestan os seus propios monstros.